
QUEN SON? CRÍAS DE ANIMAIS - ÁFRICA

QUEN SON? CRÍAS DE ANIMAIS - EUROPA

Textos de TÁNDEM SECEDA

Ilustracións de ESTER GARCÍA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €/unidade

[Quen son? Crías de animais - África](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-86-3. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[¿Quién soy? Crías de animales - África](#) (castelán)

ISBN 978-84-16721-87-0. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[Qui soc? Crías d'animals - Àfrica](#) (català)

ISBN 978-84-18558-14-6. Ciències. Faktoría K de Llibres.

[Nor naiz ni? Animallen kumeak - Afrika](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-221-2. Zientzia. Kalandraka - Pamiela.

[Quen son? Crías de animais - Europa](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-84-9. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[¿Quién soy? Crías de animales - Europa](#) (castelán)

ISBN 978-84-16721-85-6. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[Qui soc? Crías d'animals - Europa](#) (català)

ISBN 978-84-18558-15-3. Ciències. Faktoría K de Llibres.

[Nor naiz ni? Animallen kumeak - Europa](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-222-9. Zientzia. Kalandraka - Pamiela.

A serie «Quen son? Crías de animais» presenta varias especies de mamíferos e de aves agrupadas por continentes para inspirar a curiosidade pola fauna e polo coidado da natureza dende as primeiras idades. Cada título inclúe sete crías: con textos sinxelos e descritivos, acompañados dunha suxestiva ilustración, cada unha preséntase cunha adiviña e establece un diálogo directo e activo coas lectoras e cos lectores; o enigma resólvese ao pasar a páxina, onde aparece coa súa familia no seu hábitat natural, ampliando a información sobre a contorna, os costumes e as características físicas dos adultos. Son textos cientificamente rigorosos que plasman a realidade da natureza de forma doada e comprensible, ademais de amosar a biodiversidade e as distintas formas de crianza.

Realizadas con grafito e suavemente coloreadas, as imaxes son realistas e de gran detallismo, fieis aos canons da ilustración científica, e destacan pola expresividade e pola tenrura dos protagonistas. A parte narrativa e a visual complementáanse, resultando un material de referencia non só para escolas e bibliotecas, senón tamén para compartir no fogar.

O león, a xirafa, o gorila, o elefante, o hipopótamo, a avestruz e a cebra protagonizan o volume ambientado en África. O lobeto, o cisne, a cabuxa, o osiño, a marmota, a aguija real e a lontra ocupan a selección de Europa. Tampouco falta a reflexión sobre a situación dos animais no continente que habitan para que os cativos coñezan as principais ameazas que fan perigar a súa conservación e tomen conciencia sobre a importancia de respectar e protexer o planeta.



- **Temática:** fauna do mundo.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** animais, natureza, educación ambiental; libro informativo; adiviñas, vocabulario.
- **Avance dos libros:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quen-son-africa-g>
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quen-son-europa-g>

Tándem Seceda

Dous biólogos docentes, especialistas en educación ambiental -Isabel Pelayo e Xulio Gutiérrez- e dous mestres con ampla traxectoria na creación e tradución de textos didácticos e literarios para os máis pequenos -Pilar Martínez e Chema Heras- unen a súa experiencia e o seu entusiasmo para realizar esta serie de libros de ciencia para primeiros lectores. Os catro son autores de numerosas publicacións, tanto de literatura infantil como do medio natural.

Ester García

(Cáceres, 1984)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, dedícase á ilustración de libros infantís e xuvenís, nos cales a natureza ten un gran protagonismo. A súa obra foi distinguida co Premio Junceda Internacional, o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado e figura na selección The White Ravens.
<http://3ster.blogspot.com>

